

ÍNDICE

- ▣ **Introducción.**
- ▣ **Xustificación do Servizo**
- ▣ **Descrición do Servizo.**
- ▣ **Perfil das Coidadoras Infantís.**
- ▣ **Prestación do Servizo.**
- ▣ **Servizos prestados por Distritos.**
- ▣ **Horas Prestadas.**
- ▣ **Perfil das Usuarias do Servizo.**
- ▣ **Datos Estatísticos das Usuarias.**
- ▣ **Colectivos.**
- ▣ **Nenas/os Beneficiarias/os do Servizo.**
- ▣ **Nenas/os Atendidas/os por Meses.**
- ▣ **Motivos da Prestación do Servizo.**
- ▣ **Enquisas e Valoracións do Programa.**

INTRODUCCIÓN

Proxecto dependente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo e xestionado pola Asociación de Mulleres Progresistas, dende o ano 1991 na cidade de Vigo.

O principal obxectivo do mesmo é acadar que as Mulleres poidan participar en igualdade de oportunidades, a traveso da prestación do Servizo de Atención Domiciliaria Á Infancia, en distintos ámbitos da súa vida, tanto laboral, social e cultural.

O traballo desempeñado polas coidadoras infantís ten a finalidade de incorporar a estas profesionais nun sector de difícil acceso laboral, e de colaborar cun programa de especial significado social, traducido no apoio a outras Mulleres para que tamén poidan participar no ámbito público, laboral e social, fóra dos seus fogares.

XUSTIFICACIÓN DO SERVIZO

Entre os motivos máis importantes polos que se fai o Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia, están fundamentalmente as Incompatibilidades horarias das mulleres, que teñen un emprego co período de vacacións das/os cativas/os, así como cando existe unha enfermidade, tanto da nai ou da persoa que os coida, ou das/os nenas/os; os Cursos de formación orientados á inserción laboral, como poden ser: Capacitación Profesional, Saúde, Electricidade, Axuda a Domicilio, Servizo Domestico, Informática, Formación de Formadores, Cociña, Limpeza Inmobiliaria, Monitora Sociocultural, Riscos Laborais, Talleres Ocupacionais, e asistencia a formación en Programas concretos para a súa inserción, como o Programa Clara, Activate, finalmente para a realización de xestións Administrativas e Xurídicas, Charlas e Reunións dos Anpas, escola de Pais etc.

Desta forma, as Mulleres poden incorporarse ou reincorporarse o mercado laboral, xa que teñen atendidas/os as/os seus fillas/os, así como actualizarse e reciclarse profesionalmente, mediante a asistencia ás distintas actividades formativas que nun momento dado tiveron que deixar ou ás que non podían acudir debido ás súas obrigas familiares.

Ten preferencia o colectivo de vítimas de violencia de xénero, co fin de favorecer a súa inserción social e laboral, dentro das distintas medidas que na actualidade se están a promover ao abeiro da Lei Integral Contra a Violencia de Xénero.

Colaborouse cos Programas Clara, Activate e Talleres Ocupacionais desenvolvido por Caritas, Fundación do Secretariado Xeral Xitano, Rede de Mediadoras Contra os Malos Tratos a Mulleres, de acordo cos obxectivos xa mencionados de favorecer a integración laboral das Mulleres, e colectivos mais desfavorecidos, atendendo ás/aos fillas/os das traballadoras dos devanditos proxectos que o precisaron.

A un nivel non individual, este servizo cubre a demanda por parte dos Colectivos que o solicitan, como poden ser Asociacións Veciñais ou Anpas dos Colexios, Caritas, Fundación Secretariado Xeral Xitano, Rede de Mediadoras Contra os Malos Tratos a Mulleres que teñen ao longo do ano reunións, asembleas e cursos de formación.

DESCRINCIÓN DO SERVIZO

Para solicitar este Servizo, as Mulleres ou Colectivos, teñen que poñerse en contacto coa Traballadora Social do Centro de Información Municipal da Muller, dependente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, que valora as solicitudes feitas. Unha vez concedido o servizo, remítese a documentación a Asociación Mulleres Progresistas.

Dende Mulleres Progresistas, o seguinte paso é por en contacto a cuidadora infantil coa usuaria ou colectivo, para que lle explique como se vai a realizar o servizo, e que todo se desenvolva coa maior satisfacción e confianza por parte da usuaria que deixa as/os súas fillas/os cunha profesional.

- Os motivos máis importantes polos que se desenvolve este servizo son:

Incompatibilidades horarias - laborais.

Convalecencias, enfermidade, rehabilitacións, hospitalizacións, citas medicas.

Xestións administrativas e outras.

Entrevistas e cursos de orientación e formación laboral.

Cursos técnicos e formación Capacitación Profesional, Saúde, Electricidade, Axuda a Domicilio, Servizo Domestico, Informática, Formación de Formadores, Cociña, Limpeza Inmobiliaria, Monitora Sociocultural, Riscos Laborais, Talleres Ocupacionais, etc.)

Charlas, reunións, escola de Pais e cursos de formación a colectivos.

PERFIL DAS COIDADORAS INFANTÍS

Os criterios seguidos á hora de selecciona-las coidadoras, están relacionados co nivel de formación específico (mínimo FP Técnicos en Xardín de infancia, Mestras en Educación Infantil, Auxiliares de Clínica e Psicólogas) e/ou a experiencia demostrada no coidado da infancia, que teñen que acreditar con certificados académicos e laborais.

As Coidadoras Infantís comprométense a pasar por un Curso formativo de Reciclaxe cunha duración de 100 horas e que se imparte anualmente na aula da Asociación de Mulleres Progresistas.

Os módulos do Curso, centráronse nas especialidades: *Psicología do desenvolvemento Infantil. Bases psicopedagóxicas da Educación Especial. Nenas/os con necesidades Educativas Especiais. Infancia en risco de marxinación social. Primeiros auxilios na infancia. Técnicas de dinamización de ocio e tempo libre. Educación na Igualdade de Oportunidades, A conciliación da vida familiar e laboral. Información e Orientación laboral.*

Nestes Cursos incorpóranse novas coidadoras que formarán parte da bolsa de emprego de Mulleres Progresistas da que se nutre para este servizo.

CURSO DE FORMACIÓN ANO 2007

O curso desenvolveuse dende o 1 de novembro ata o 30 de novembro de 2007 cunha duración de 100 horas. Foi impartido por unha Licenciada en Psicoloxía e Enfermería, con experiencia docente mediante técnicas activas participativas, artellado nos seguintes módulos:

Módulo I: Psicoloxía do desenvolvemento Infantil.

Módulo II: Bases psicopedagóxicas da Educación Especial. Nenas/os con Necesidades Educativas Especiais.

Módulo III: Infancia en risco de marxinación social.

Módulo IV: Primeiros auxilios na infancia.

Módulo V: Técnicas de dinamización de ocio e tempo libre.

Módulo VI: Educación na Igualdade de oportunidades. A conciliación da vida familiar e laboral. Información e Orientación laboral.

IDADES DAS COIDADORAS

ENTRE 20 E 25 ANOS	5 Coidadoras	23%
ENTRE 26 E 35 ANOS	10 Coidadoras	45%
ENTRE 36 E 50 ANOS	7 Coidadoras	32%

PRESTACIÓN DO SERVIZO

Servizos Prestados

Os servizos fixéronse dende o día 1 de Xaneiro ata o 31 de Decembro de 2.007 (período de 12 meses).

Neste período fixéronse un total de 3.271 servizos, prestáronse a Mulleres 3.030 e aos Colectivos 241.

SERVIZOS PRESTADOS MENSUALMENTE

MESES	Servizos	Serv. Mulleres	Serv. Colectivos
XANEIRO	249	218	31
FEBREIRO	200	171	29
MARZO	247	228	19
ABRIL	248	245	3
MAIO	221	211	10
XUÑO	307	298	9
XULLO	471	471	0
AGOSTO	431	431	0
SETEMBRO	317	302	15
OUTUBRO	241	201	40
NOVEMBRO	193	142	51
DECEMBRO	146	112	34
TOTAIS	3.271	3.030	241

NÚMERO DE HORAS PRESTADAS

Durante o ano 2007 fixéronse un total de 8.803.15 horas, distribuídas entre usuarias e colectivos.

Tanto as Mulleres como a os colectivos, préstanselle como máximo 4 horas diarias, dependendo das necesidades de cada servizo.

MESES	Horas
XANEIRO	587.45
FEBREIRO	448.30
MARZO	558.30
ABRIL	526.00
MAIO	508.15
XUÑO	779.15
XULLO	1.410.30
AGOSTO	1.575.15
SETEMBRO	875.15
OUTUBRO	550.45
NOVEMBRO	495.15
DECEMBRO	488.00
TOTAIS	8.803.15

PERFIL DAS USUARIAS DO SERVIZO

No ano 2007, as idades das Mulleres atendidas oscilan maioritariamente entre os 18 e 49 anos, cunha situación económica bastante precaria, xa que a porcentaxe de responsabilidades familiares non compartidas e a mais elevada, que se complica coa busca de emprego tendo e o ter que sacar a súa familia adiante sen axuda económica nin familiar, situación que alcanza unha especial dificultade nos casos das Víctimas de Violencia de Xénero, onde se engaden ademais as distintas problemáticas características (seguridade persoal, incerteza cara ao futuro en xeral...)

Tamén observamos que as Mulleres que atendemos, cada día teñen máis inquedanzas tanto a nivel formativo, como laboral.

O que desexan é superar as barreiras para atopar un traballo que lles aporte mais motivacións persoais e uns ingresos superiores.

DATOS ESTADÍSTICOS DAS USUARIAS

IDADES DAS USUARIAS

Entre 18 e 25 Anos	15 Mulleres
Entre 26 e 34 Anos	34 Mulleres
Entre 35 e 44 Anos	24 Mulleres
Entre 45 e 49 Anos	3 Mulleres

ESTADO CIVIL

Solteiras	31 Mulleres
Casadas	19 Mulleres
Separadas	23 Mulleres
Divorciadas	3 Mulleres

SITUACIÓN ECONÓMICA

Precaria (Inferior a 360 €)	31 Mulleres
Baixa (Entre 360 e 600 €)	26 Mulleres
Media Baixa (Entre 601 e 970 €)	19 Mulleres

CARGAS NON COMPARTIDAS: **55 MULLERES**

CARGAS COMPARTIDAS: **21 MULLERES**

COLECTIVOS

Os servizos prestados a colectivos, son de tipo gardería, é dicir, a Coidadora vai ao enderezo sinalado do Centro, onde se fai cargo dun grupo de nenas/os das Mulleres que participan nunha actividade determinada.

Cada día estes servizos son máis solicitados, xa que moitas Mulleres participan tanto en cursos, reunións, conferencias e asembleas de Anpas nos colexios, así coma en actividades deportivas e cursos das vocalías da Muller das diferentes Asociacións Veciñais de Vigo, Talleres Ocupacionais e cursos de formación de Colectivos como Caritas, Fundación do Secretariado Xeral Xitano, Rede de Mediadoras Contra os Malos Tratos a Mulleres . O obxectivo é que as mulleres se desenvolvan e participen activamente nos distintos ámbitos da vida social, cultural e laboral.

Para facer estes Servizos, os colectivos poñen á nosa disposición unha aula ao carón do lugar onde se fan as actividades ou charlas, Mulleres Progresistas envía ás coidadoras cos materiais didácticos que se precisan para o entretemento das/os nenas/os.

Neste tipo de Servizos, dependendo do número de nenas/os así como das idades, poden ser necesarias dúas ou máis coidadoras.

Atendéronse nenas/os pertencentes a minorías étnicas e con risco de marxinación social, nas que as coidadoras desenvolven distintas actividades educativas e de ocio prestando unha atención especial a este colectivo co obxectivo de crear un espazo lúdico e educativo de convivencia onde tódalas/os nenas/os sántanse integradas/os .

NENAS/OS BENEFICIARIAS/OS DO SERVIZO

No ano 2007, atendemos un total de 717 nenas/os, dos cales 114 pertencen a usuarias e 603 a colectivos.

IDADES DAS/OS NENAS/OS

Idades	Usuarias	Colectivos
Entre 0 e 2 anos	37 Nenas/os	158 Nenas/os
Entre 3 e 5 anos	37 Nenas/os	158 Nenas/os
Entre 6 e 8 anos	18 Nenas/os	152 Nenas/os
Entre 9 e 12 anos	22 Nenas/os	135 Nenas/os

Entre as/os nenas/os atendidas/os, tivemos varios casos con discapacidades físicas e psíquicas, con síndrome de Down, outras minusvalías e nenas/os con risco de exclusión social. Por estes motivos os coidados destas/os nenas/os requiren unha atención máis especializada por parte das coidadoras responsables dos servizos.

NENAS/OS ATENDIDAS/OS POR MESES

MESES	NENAS/OS ATENDIDAS/OS	A USUARIAS	A COLECTIVOS
XANEIRO	66	34	32
FEBREIRO	91	31	60
MARZO	34	32	2
ABRIL	34	32	2
MAIO	136	24	112
XUÑO	114	37	77
XULLO	42	42	0
AGOSTO	41	41	0
SETEMBRO	149	47	102
OUTUBRO	135	25	110
NOVEMBRO	68	20	48
DECEMBRO	75	17	58

MOTIVOS DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

INCOMPATIBILIDADES HORARIAS	2.576
XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS (XULGADO, AVOGADO, FALECEMENTOS...)	14
ENFERMIDADES NENAS/OS, REHABILITACIÓNS, CITAS MEDICAS, HOSPITALIZACIÓNS.	98
CURSOS TÉCNICOS: SAÚDE, ELECTRICIDADE, AXUDA A DOMICILIO, SERVIZO DOMÉSTICO, COCIÑA, LIMPEZA.	227
CURSOS DE FORMACIÓN: FORMADORES, MONITORA SOCIOCULTURAL E CAPACITACIÓN PROFESIONAL.	92
ACTIVIDADES ANPAS: REUNIÓNS, ASEMBLEAS, ESCOLA DE PAIS E CURSOS.	48
PROGRAMA ACTIVATE, CLARA, TALLERES OCUPACIONAIS.	216